

TEMPADA 2026-27

EDM F O Z

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

KICKBOXING

CERÁMICA

**DEBUXO E
PINTURA**

**PATINAXE
ARTÍSTICA**

**DEPORTES
RAQUETA**

**COREODANCE
KIDS**

**XIMNASIA
RÍTMICA**



Concello
de **Foz**

VOLEI



Concello
de **Foz**

EDM FOZ

2026-27

INSCRICIÓN

Actividades para nenos e nenas nados/as entre 2010 e 2022

Actividades deportivas e de lecer como instrumento de educación en valores.

A cota de inscrición será:

1 actividade - 20€/mes

2 actividades ou máis - 25€/mes

Presentación de instancias: no rexistro xeral do Concello (Avd. Álvaro Cunqueiro, 24) ou a través da Sede electrónica: concellodefoz.sedelectronica.es

Segundo acordo de Pleno de 25 de xaneiro de 2024, polo que se aproba o establecemento e ordenación do prezo público nº 2 pola prestación de servizos das escolas deportivas municipais do Concello de Foz

BONIFICACIÓNS: (Non se poderán aplicar simultaneamente máis de UNHA bonificación)

- Número de fillos/as matriculados por familia.
- Familia numerosa
- Capacidade económica

INICIO: 5 OUTUBRO

NADOS/AS ENTRE 2010 E 2022

INSCRICIÓN: ATA 2 DE OUTUBRO NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO OU A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

REALIZADA INSCRICIÓN, O ALUMNADO TAN SÓ DEBERÁ ACUDIR O DÍA INDICADO DE INICIO DA ACTIVIDADE

BAIXAS: NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO OU A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

INFORMACIÓN DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:
6087897418
982133037

AGRADECIMENTO AO CEIP O CANTEL E CEIP Nº1 POLA CESIÓN DAS SÚAS INSTALACIÓNS



Concello
de **Foz**

EDM FOZ

2026-27

BONIFICACIÓNS

BONIFICACIÓNS: (Non se poderán aplicar simultaneamente máis de UNHA bonificación)

- Número de fillos/as matriculados por familia.

A matrícula do segundo fillo dunha mesma familia en disciplinas ou actividades das escolas deportivas municipais levará aparellada unha bonificación do 50% da cota. Para o terceiro fillo e sucesivos, a bonificación será do 100%. É necesario **presentar** o libro de familia debidamente compulsado ou a folla extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante ou do pai, nai e/ou titor dos alumnos para a execución de dita bonificación.

- Familia numerosa.

Bonificación do 50% da cota, a favor daqueles suxeitos pasivos que formen parte dunha Familia Numerosa de Categoría Xeral e Familia Numerosa de Categoría Especial. Para aplicar esta bonificación é imprescindible **presentar** con esta inscrición:

- Título oficial de recoñecemento da condición de familia numerosa outorgado pola Xunta de Galicia.
- É necesario presentar o libro de familia debidamente compulsado ou folla/extracto do rexistro civil individual onde figuren os datos persoais e relacións familiares do solicitante ou do pai, nai e/ou titor dos alumnos para a execución de dita bonificación.

- Capacidade económica.

Por criterios xenéricos de capacidade económica das unidades familiares dos suxeitos pasivos con obriga de satisfacer a taxa referente ás escolas deportivas municipais, establécense as seguintes bonificacións:

o Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos que non superen o SMI vixente en cada momento recoñécese unha bonificación do 100% do prezo público.

o Para suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 200 % do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos, recoñécese unha bonificación do 50% da contía.

SMI anual= 16576€

200% do SMI= 33152€

Para aplicar esta bonificación é imprescindible presentar con esta inscrición: última declaración da Renda e libro de familia, no caso de suxeitos pasivos integrados en unidades familiares con ingresos superiores ao SMI pero inferiores ao 200% do mesmo, sempre que na unidade familiar estean integrados dous ou máis fillos.

PARA APLICAR AS BONIFICACIÓNS É IMPRESCINDIBLE PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA



Concello
de **Foz**

EDM FOZ

2026-27

XIMNASIA RÍTMICA

Haberá 2 grupos distribuídos da seguinte maneira:

Grupo A - Nadas/os no 2022/2021/2020/2019/2018

Grupo B - Nadas/os no 2019/2018/2017/2016 e anteriores

O alumnado inscrito deberá acudir ao pavillón do CEIP O Cantel o 6 de outubro no horario marcado segundo a súa idade. A monitora poderá variar o horario segundo o nivel, número de participantes,...

**ESCOLAS
DEPORTIVAS
MUNICIPAIS DE
FOZ 2026/2027**

PAVILLÓN CEIP O CANTEL

MARTES:

**GRUPO A:
18:00H A 19:00H**

**GRUPO B:
19:00H A 20:00H**



Concello
de **Foz**

EDM FOZ

2026-27

VOLEI

A partir de 6 anos.

O alumnado inscrito deberá acudir ao pavillón do CEIP
Nº1 o 5 de outubro.

**ESCOLAS
DEPORTIVAS
MUNICIPAIS DE
FOZ 2026/2027**

PAVILLÓN CEIP Nº1

LUNS:
17:00H A 18:30H

DEPORTES DE RAQUETA

A partir de 6 anos.

Impartirase tenis, ping pong e badminton.

O alumnado inscrito deberá acudir ao pavillón do CEIP
Nº1 o 6 de outubro para iniciar a actividade.

**ESCOLAS
DEPORTIVAS
MUNICIPAIS DE
FOZ 2026/2027**

PAVILLÓN CEIP Nº1

MARTES:
17:00H A 18:00H



Concello
de **Foz**

EDM FOZ

2026-27

CERÁMICA

Desenvolvemento das habilidades manuais, motricidade y creatividade. Aprender a crear con barro.

O alumnado inscrito deberá acudir ao Centro Social o 8 de outubro para iniciar a actividade.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FOZ 2026/2027

CENTRO SOCIAL 4ª PLANTA

XOVES:
17:45H A 19:15H

DEBUXO E PINTURA

Haberá 2 grupos distribuídos da seguinte maneira:

Grupo A - Nadas/os no 2022/2021/2020/2019/2018

Grupo B - Nadas/os no 2019/2018/2017/2016 e anteriores

O alumnado inscrito deberá acudir á Casa da Xuventude no día e horario marcado segundo a súa idade.

A monitora poderá variar o día segundo o nivel, número de participantes,...

O debuxo e a pintura para nenos e nenas son medios de expresión non verbal que fomentan a creatividade, a comunicación e o desenvolvemento de habilidades, permitíndolles plasmar as súas emocións e visións do mundo.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FOZ 2026/2027

CASA DA XUVENTUDE

LUNS:
GRUPO A:
17:30H A 18:30H
MARTES:
GRUPO B:
17:30H A 18:30H



Concello
de **Foz**

EDM Foz

2026-27

COREODANCE KIDS

O baile favorece o desenvolvemento físico, coordinación, control corporal e espacial, memoria e concentración, ademais do sentido do ritmo e o oído musical.

Haberá 2 grupos distribuídos da seguinte maneira:

Grupo A - Nadas/os no 2022/2021/2020/2019/2018

Grupo B - Nadas/os no 2019/2018/2017/2016 e anteriores

O alumnado inscrito deberá acudir ao pavillón do CEIP Nº1 o 8 de outubro no horario marcado segundo a súa idade. A monitora poderá variar o horario segundo o nivel, número de participantes,...

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FOZ 2026/2027

PAVILLÓN CEIP Nº1

XOVES:

GRUPO A:

17:00H A 18:00H

GRUPO B:

18:00H A 19:00H

KICKBOXING

A partir de 6 anos.

O alumnado deberá levar os seus guantes. A monitora resolverá as dúbidas que poidan xurdir na adquisición deste material.

O alumnado inscrito deberá acudir ao pavillón Torques de Marzán o 7 de outubro.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FOZ 2026/2027

PAVILLÓN TORQUES MARZÁN

MÉRCORES:

18:00H A 19:00H



Concello
de **Foz**

EDM FOZ

2026-27

PATINAXE ARTÍSTICA

Haberá 5 grupos distribuídos da seguinte maneira:

Grupo A - Nados/as no 2021 e 2022, así como iniciación (independentemente da idade)

Grupo B - Nados/as no 2020 e 2019 que leven 2 ou menos cursos en patinaxe

Grupo C - Nados/as no 2018 e 2019 (con máis de 3 cursos de asistencia en patinaxe) e 2017 (con 2 ou menos cursos de asistencia)

Grupo D - Nados/as no 2017 (con máis de 3 cursos de asistencia en patinaxe), 2016 (con menos de 3 cursos de asistencia en patinaxe) e 2015 (con 2 ou menos cursos de asistencia)

Grupo E - Nados/as en 2015 (con máis de 3 cursos de asistencia en patinaxe) e 2014 e anteriores con máis de 3 cursos de asistencia en patinaxe

O alumnado inscrito deberá acudir ao pavillón do CEIP O Cantel o primeiro día de clase no horario marcado segundo a súa idade (5, 7 ou 8 de outubro). A monitora poderá variar o horario segundo o nivel,...

O alumnado deberá levar os seus patíns. A monitora resolverá as dúbidas que poidan xurdir na adquisición deste material.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE FOZ 2026/2027

PAVILLÓN CEIP O CANTEL

LUNS:

GRUPO A: DE 17:30H A 18:30H

GRUPO B: DE 18:30H A 19:30H

GRUPO C: DE 19:30H A 20:30H

MÉRCORES:

GRUPO D:

DE 19:30H A 20:30H

XOVES:

GRUPO E:

DE 19:30H A 20:30H

Dúbidas:

686105917 (Rebeca)